

QUE NON CHE DEAN

SERMÓN

APÚNTATE  
Á PÚBLICA

É de boa educación

O pe co u PÚ+

O be co ele BLI+

O ce co a CA+

A pública suma

→ por democrática,

→ por inclusiva, e  
coeducativa

→ porque dá atención  
individualizada,

→ polos seus resultados  
académicos,

→ polas súas instalacións  
e servizos,

→ polo seu profesorado

→ polas súas técnicas de  
innovación pedagóxica e

→ pola súa independencia

Matricula

as túas

Fillas/os

na pública



[www.steg.gal](http://www.steg.gal)

## EN DEFENSA DA EDUCACIÓN PÚBLICA

O ensino público chega a cada un dos recunchos do noso país: desde a vila máis pequena ao lugar máis illado nas montañas, desde o centro das cidades aos barrios máis afastados.

O ensino público acolle a todo o alumnado, sen discriminación, sen selección previa, sen prexuízos, e co compromiso de proporcionarlles unha educación de calidade e de apertura de horizontes.

O ensino público está impartido por un profesorado ben preparado, vocacional e experto; un profesorado que merece todo o recoñecemento e apoio ao seu traballo.

O ensino público é o elixido pola inmensa maioría das familias do noso país; nel escolarízase á maior parte da poboación e está en auge. Por iso os responsables políticos están obrigados a garantir a súa calidade e permanencia.

O ensino público é un compromiso de todas e todos, porque o financia toda a sociedade, sabendo que así garantimos a igualdade de oportunidades das nenas e nenos.

O ensino público constituíu, ao longo do tempo, a garantía dunha educación de calidade, e hoxe é unha peza clave do noso contrato social, porque é a que mellor garante o dereito constitucional á educación.

Con todo, os gobernos están facendo pagar ao ensino unha crise que non causou. Nestes momentos está ameazada polos recortes que se están aplicando aos investimentos en educación, que implican o despedimento dun bo número de docentes, a redución dos programas de axuda e unha diminución da calidade e equidade do ensino que recibe o alumnado.

O ensino público é a mellor garantía da efectiva igualdade de oportunidades, da necesaria cohesión social, da superación das desigualdades de orixe, a vertebración de toda a sociedade nun obxectivo común e o progreso individual e social de todos, non duns poucos.

Porque a educación salta barreiras, une fronteiras, descobre tesouros e proxecta esperanzas. Constrúenos, enriquecéenos e dáonos liberdade para mellorar o mundo.

A educación cambia a vida.

A educación é o futuro.

E a educación pública garante ese futuro. Para todas as persoas, sen diferenzas.